



Antonio Iglesias Otero proclámase Campión Provincial de A Coruña de Compak Sporting

O pasado día 3 de maio celebrábase no campo de tiro “Rio Sar” en Chaián (Trazo) o Campionato Provincial de A Coruña de Compak Sporting 2009, organizado pola Federación Galega de Caza en A Coruña en colaboración coa Sociedade Deportiva Rio Sar.

A proba, que se disputaba sobre 100 pratos, contou cunha participación total de 40 tiradores. O gañador tanto en categoría senior como en absoluta foi Antonio Iglesias Otero, que escachaba 89 dos 100 pratos. Segundo clasificado rematou Manuel García Pombo con 88 pratos escachados e o terceiro posto era para David Seoane Viaño, que escachaba 81 pratos na proba.

Na categoría de veteranos vencía Eliseo Faraldo Fernández, con 71 pratos escachados, quedando no segundo posto Angel Mosquera Rodríguez, que escachaba 69. En categoría superveteranos gañaba Manuel Martín Boedo, que conseguía escachar 51 pratos.

Pos.	Participante	Provincia	Pratos escachados
1º	Antonio Iglesias Otero	CO	89
2º	Manuel García Pombo	CO	88
3º	David Seoane Viaño	CO	81
4º	Rubén Boquete Varela	CO	80
5º	Roberto Rodríguez Fernández	PO	80

Gabinete de Comunicación

FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA
www.federaciongalegadecaza.com